



MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CHANTADA SOBRE O SUBMINISTRO ELÉCTRICO NO POLÍGONO DOS ACIVROS

De acordo e ó abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro (BOE do 22 de decembro), o Grupo Municipal Socialista do Concello de Chantada desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A problemática relacionada co subministro eléctrico que se sofre no Polígono Industrial dos Acivros non é nova nin descoñecida por ninguén. Dende hai anos prodúcense cortes no fluído eléctrico, en ocasións de duración prolongada, o que obriga a moitas empresas a deter a súa produción, pero tamén con microcortes que provocaban reinicios da maquinaria e con posible perda dos produtos que se estaban a elaborar.

O Grupo Municipal Socialista puido comprobalo de primeira man, xa cunha visita ós empresarios do Polígono dos Acivros durante o mes de outubro de 2018. Os responsables das empresas confirmáronnos todos estes problemas, así como as palabras baleiras que recibiron ó interesarse pola solución e expoñer as queixas polo deficiente servizo que estaban a recibir.

Tamén no mes de novembro de 2018, o Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento de Galicia presentou unha serie de preguntas dirixidas ó Goberno da Xunta na Comisión de Industria interesándose non só pola mellora do subministro, senón tamén polo control da actuación das empresas distribuidoras e a posible apertura de expedientes se non estaban cumprindo a súa obriga. Esta actuación é coherente co marco de competencias das distintas administración, xa que o Estatuto de Autonomía de Galicia encomenda as competencias exclusivas en materia de industria á Comunidade Autónoma.

O certo é que o tempo segue pasando e non se atina unha solución para un problema que non só perxudica ás empresas que actualmente están instaladas no Polígono dos Acivros, senón que transmite unha imaxe lamentable do noso solo industrial que pode dar lugar a que posibles empresas interesadas decidan non desenvolver os seus proxectos no noso termo municipal.

De novo o Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento de Galicia ven de presentar unha emenda ó proxecto de Orzamento da Xunta de Galicia para o exercicio 2020 para incluír unha partida que permita que se executen estas melloras, iniciativa que nestes momentos se atopa en trámite parlamentario.

Se ben é certo que a prensa recolleu hai meses unha presunta solución, non hai ningunha garantía por escrito nin ningún compromiso asinado que garanta unha saída




efectiva ós problemas de suministro eléctrico que sofre o polígono dos Acivos vaia ser solventado de xeito inmediato.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ó Pleno Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

- 1) Instar á Xunta de Galicia a que, de xeito urxente, orzamente, proxecte e execute as melloras necesarias para o subministro eléctrico no Polígono dos Acivos.

Chantada, 20 de novembro de 2019,



Asdo. Raquel López Rodríguez
Voceira do Grupo Municipal Socialista
Concello de Chantada